

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE XOVE E A
ASOCIACIÓN CULTURAL E DE FESTEXOS ALTO DO CRUZEIRO PARA O
EXERCICIO 2019**

Reunidos en Xove, ás 14 horas do día 28 de novembro de 2019.

Dunha parte, D. Demetrio Salgueiro Rapa, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XOVE, en diante o Concello, con D.N.I. núm. 33.993.648 Q asistido do Secretario da Corporación D. Luís María Fernández Del Olmo, con D.N.I. 10.588.613B, que dá fe do acto.

Doutra parte Don Iago Eiyo Canoura, con D.N.I. 34638752Q, actuando en nome e representación da **ASOCIACIÓN CULTURAL E DE FESTEXOS ALTO DO CRUZEIRO**, con C.I.F. G-27345883, inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 10 e dirección electrónica a efectos de notificacións natalia@jimenezlorente.es

Ambas as partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto e libremente

MANIFESTAN

Que as entidades locais, en canto administracións públicas, poden exercer a acción de fomento de actividades e/ou proxectos que se consideren de utilidade pública, de interese social ou de promoción dunha finalidade pública, mediante a concesión de subvencións, conforme ao disposto no artigo 2 da Lei 38/20036, do 17 de novembro ,Xeneral de Subvencións. (LGS)

Que no artigo 22.2.a) da LGS se preveu a posibilidade de concesión directa de subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais

Que o Concello en virtude das súas competencias en materia cultural considera preciso establecer unha estreita colaboración coas entidades cidadás que participan no



proceso de execución de proxectos, programas ou actividades relacionadas con esta materia.



Que a Asociación é unha entidade sen ánimo de lucro, rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións co número 10 e que segun os seus estatutos entre os seus fins está a organización e participación de actividades culturais e lúdicas.

Que na Base de Execución núm. 29ª do Orzamento Municipal de 2019 figura prevista unha axuda por importe de 4.235, 00 € a favor da devandita asociación, con cargo á aplicación orzamentaria 338.489.

Que o presente Convenio formalízase para dar cumprimento ao previsto no artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

Polo anteriormente exposto, o Concello de Xove e a Asociación subscriben o presente Convenio Reguladora da Subvención e mutua colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do Convenio

O presente Convenio ten por obxecto regular a subvención, de carácter discrecional, concedida polo Concello de Xove a **ASOCIACIÓN CULTURAL E DE FESTEXOS ALTO DO CRUZEIRO**, para a anualidade de 2019, que figura nominativamente no Orzamento do Concello de Xove de 2019, na aplicación orzamentaria 338.489 para financiar o programa/actividade presentado na solicitude de subvención , en virtude do acordo adoptado por Decreto de Alcaldía de data 28 de novembro de 2019. O importe da axuda concedida ascende a 4.235, 00 euros.

Conforme ao recolleito no artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a percepción da presente axuda será compatible coa doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de entes públicos ou

privados, a condición de que o importe da totalidade das axudas percibidas non supere o custo do programa ou actividade subvencionada.

SEGUNDA.- Obrigacións da entidade.

1.- Destinar a totalidade dos fondos recibidos exclusivamente á finalidade para a que foi concedida a subvención e executar o proxecto ou actividade subvencionada dentro do ano 2019

2.- Proporcionar o persoal necesario para o normal funcionamento da actividade, xa sexa a través de persoal propio ou contratado ou en colaboración, responsabilizándose de todas as obrigacións de natureza laboral e fiscal que se deriven (impostos, seguridade social, etc.)

3.- Someterse ás actuacións de comprobación e organización, que os órganos competentes do Concello realicen

4.- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.

5.- Facer constar de forma clara que a actividade ou programa está subvencionado ou patrocinado polo Concello de Xove, nos exemplares dos programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do programa.

6.- Presentar a conta xustificativa da subvención concedida dentro do prazo establecido

7.- Proceder ao reintegro da parte da axuda non xustificada, no seu caso e, en xeral, no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigacións establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e nos artigos 74 a 76 do RD 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aprobo o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- Obrigacións do Concello de Xove

1.- Abonar, conforme ao establecido na Base 31 das de Execución do Orzamento Municipal de 2019, o 70% do importe para conceder (2.964'50 €) en concepto de pago anticipado



2.- Proceder ao abono do 30% restante unha vez presentada a conta xustificativa da subvención concedida e habendo sido fiscalizada de conformidade.



CUARTA.- Gastos subvencionables

Serán subvencionables todos aqueles gastos que resulten inherentes ao desenvolvemento do programa ou actividade na que se basea a concesión da axuda, que sexan imprescindibles para o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención.

Non terán a consideración de subvencionables os gastos de investimento ou de natureza inventariable así como tampouco os impostos, taxas, recargas e sancións administrativas ou penais e os gastos de procedementos xudiciais.

Conforme ao establecido na Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal de 2019, considerarase gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Con todo, o beneficiario deberá presentar os documentos acreditativos do pago dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro de 2019.

QUINTA.- Forma de solicitude e xustificación da axuda

Unha vez activada a Sede electrónica do Concello de Xove para os efectos da presentación telemática tanto da solicitude como da xustificación da axuda concedida, esta documentación soamente poderá presentarse telematicamente.

SEXTA.- Forma e prazo de xustificación

1.- A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da **CONTA XUSTIFICATIVA**.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

1) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha relación desagregada por conceptos de gasto nos que se incurrió para o desenvolvemento da actividade subvencionada

3) Detalle de cada un dos gastos que se presenta como xustificante da axuda concedida no que se indiquen os datos do proveedor, datos das facturas presentadas e importe subvencionable. Facilitátese modelo para o efecto

4) Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pago oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.

Deberá achegarse o orixinal que será obxecto dunha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre ou documento orixinal da expresión "documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para a **ASOCIACIÓN CULTURAL E DE FESTEXOS ALTO DO CRUZEIRO 2019** . Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma para os efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptarase a xustificación do pago mediante "tickets" do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros, e nos que figure o selo do establecemento así como a denominación e o CIF da entidade beneficiaria da subvención.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, esta deberá ir asinada polo preceptor do premio e polo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

Conforme ao establecido na Base Cuarta do presente Convenio, considerarase gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Con todo, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pago dos gastos presentados **como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Se entenderá por documento acreditativo do pago extracto ou certificación bancaria de transferencia,**





salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros nos que se admitirá a expresión "pago" estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. Para estes efectos, en ningún caso poderá ter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non presentase os xustificantes de pago correspondentes.

5) Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

6) No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

7) Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Con todo, no momento da solicitude da subvención, o petionario deberá indicar autorízase ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.

Conforme ao artigo 24 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobo o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se exigirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.

8) Declaración xurada doutras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin

9) Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitará para o efecto).

10) Certificación acreditativa de que o importe do IVE/IVE dos gastos en que se incurrio non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará para o efecto).

2.- A xustificación das subvencións deberá realizarse **antes do 20 de decembro** do ano correspondente debendo xustificarse a totalidade da axuda concedida. Caso de que así non fóra, procederase pola Xunta de Goberno Local, previo informe da Interventora Municipal, á redución da contía concedida e reflectida no correspondente Convenio de forma proporcional á contía xustificada.

3.- Toda a documentación presentada deberá estar asinada polo representante legal da entidade ou asociación.



SEPTIMA.- Reintegro.

Procederá o reintegro da subvención sempre que concorran as circunstancias reguladas nos artigos 36 e seguintes da LGS.

OITAVA.- Infraaccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións administrativas as partes remítense ao disposto nos artigos 52 e seguintes da LGS.

NOVENA.- Réxime Xurídico.

Para todo o non previsto neste Convenio estarase ao disposto no Capítulo 3º do Título III das Bases de Execución do Orzamento Municipal para 2018, na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no RD 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións e no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.

DÉCIMA.- Vixencia do Convenio.

O presente Convenio de Colaboración terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e da aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.



Para que así conste e en proba de conformidade, asinan ambas as partes por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data sinalados no cabezal.



O Alcalde,

Asdo. José Demetrio Salgueiro Rapa

O representante legal da entidade.

Asdo. Iago Eijo Canoura.

O Secretario Municipal,



Asdo. Luís María Fernández do Olmo